

REGULAMENTO ESPECÍFICO DE UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE CENTIEIRAS

EXPOSICION DE MOTIVOS

CAPITULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓN XERAIS

CAPITULO SEGUNDO: DAS FORMAS DE ACCESO

CAPITULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO CUARTO: DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

DIPOSICIÓN ADICIONAL

DIPOSICIÓN FINAIS

EXPOSICION DE MOTIVOS

A práctica deportiva constitúe un dos instrumentos máis axeitados para proporcionar a mellora da saúde da poboación. Consciente dos beneficiosos efectos que sobre a saúde e a calidade de vida da poboación produce a actividade física, o Concello de Fene sigue, dende a primeira corporación democrática, unha política de creación de infraestruturas e de dotación de medios de todo tipo para o axeitado desenvolvemento desta práctica deportiva. Avanzada a fase de dotación de instalacións cubertas, nestes últimos anos centramos a política de instalacións na construción dun recinto para a práctica da actividade física acuática, xa que do deporte da natación derívanse efectos positivos en relación coa saúde, tanto física coma psíquica, coa ocupación do tempo de lecer.

Coa aprobación de nova lexislación e o funcionamento da Piscina Municipal ponse de manifesto a necesidade de proceder á regulamentación do seu uso para cumprir os obxectivos que se propón o concello como son promover a práctica acuática individual e saudable entre a poboación sen distinción de idades, achegar a mesma aos escolares e aos máis maiores promovendo a aprendizaxe deste deporte na liña de facer da piscina un centro de deporte para todos e todas.

Con este obxectivo procédese á aprobación da normativa para a utilización da piscina municipal e a incorporación da mesma como anexo ó Regulamento que rexe o funcionamento das instalacións deportivas municipais.

CAPITULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

Constitúe o obxecto desta normativa regulamentar o uso e funcionamento da Piscina Municipal de Centieiras xestionada directamente polo Concello de Fene.

Artigo 2.

O Concello de Fene persigue, coa xestión da piscina municipal, os seguintes obxectivos:

- a) Promover o acceso de veciños e veciñas, sen ningún tipo de discriminación nin límite de idade, á práctica acuática.
- b) Achegar a actividade acuática á poboación escolar a través do Programa de Natación Escolar e doutros que se decidan.
- c) Promover cursos de natación de diferentes niveis co obxecto de promover o ensino da natación entre toda a poboación.
- d) Fomentar o deporte da natación e afíns mediante escolas e outras actividades que se programen.

Artigo 3

A Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo e o devandito negociado son os encargados da xestión das instalacións deportivas de titularidade municipal, entre as que se encontra a piscina climatizada cuberta de

Centieiras de conformidade cos Regulamentos de utilización das restantes instalacións deportivas e das instalacións socioculturais municipais e co establecido na correspondente Ordenanza fiscal.

Artigo 4

A regulamentación das condicións hixiénico sanitarias das piscinas municipais corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia e hase rexer consonte co disposto no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, así como pola demais lexislación concordante.

CAPITULO SEGUNDO: DAS FORMAS DE ACCESO

Artigo 5

1. A piscina está a disposición de tódolos veciños que pretendan realizar actividades acuáticas.

2. O acceso á piscina municipal pode realizarse mediante os seguintes procedementos:

a) Adquisición de bonos para baño libre nos termos e condicións establecidos na correspondente ordenanza fiscal.

b) Participantes nas escolas municipais nos termos e condicións establecidos na correspondente ordenanza fiscal.

Os/as nenos/as menores de 6 anos teñen que acceder á piscina acompañados necesariamente dalgún adulto responsable.

Os/as nenos/as en idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos poden acceder á piscina, modalidade de baño libre, acompañados dalgún adulto.

Tamén se permitirá o acceso de acompañantes cando concorran circunstancias especiais de mobilidade que así o aconsellen.

c) Condición de membro de colectivos participantes nalgún programa municipal (natación escolar, etc) acreditada mediante o procedemento que se estableza anualmente. Os participantes nestes programas terán que vir acompañados de adultos responsables do grupo ou colectivo.

d) Condición de membro dun colectivo que alugara ou ao que se lle cederan “rúas” ou a piscina completa para a realización de actividades específicas como competicións, exhibicións e outras. Os membros destes colectivos terán que acreditar esta condición mediante o procedemento que se estableza e vir acompañados de adultos responsables.

Artigo 6.

1. Para o acceso polo procedemento 2.a do artigo anterior (bonos para baño libre), deberán obterse os bonos correspondentes na propia instalación.

2. Para o acceso polo procedemento 2.b do artigo anterior (participantes nas escolas municipais), deberán obterse os carnés correspondentes nas dependencias administrativas do Pavillón Polideportivo A Xunqueira nas datas fixadas para novas altas e renovacións.

3. O acceso polo procedemento 2.c (colectivos participantes nalgún programa municipal) hase rexer polas normas específicas que aprobe a Xunta de Goberno Local do Concello a proposta da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo

4. O acceso polo procedemento 2.d (membro dun colectivo que alugara ou ao que se lle cederan “rúas” ou a piscina completa) require da aprobación previa polo órgano competente en cada caso e polas normas específicas de cesión que estableza o citado órgano. Nos supostos de cesión da instalación para a realización de competicións, exhibicións ou calquera outra actividade corresponderá á entidade organizadora da actividade o control dos accesos, responsabilizándose do uso axeitado das instalacións e da subscripción das pólizas de seguro (accidentes, responsabilidade civil.... con contía abonda e proporcional á actividade) ás que haxa lugar.

5. O persoal das empresas contratadas polo concello para prestar os servizos de control e mantemento da instalación así como o persoal municipal destinado na instalación poderá solicitar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da personalidade de tódalas persoas que accedan á piscina.

CAPITULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 7

1. A determinación do horario e dos usos da piscina corresponderá á Xunta de Goberno Local previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo.

2. Na determinación do horario hase ter en conta o interese xeral, promovendo unha amplitude no mesmo que permita acoller o maior número de usuarios. Os usos que se determinen, en función da demanda existente, figurarán nun taboleiro situado nun lugar perfectamente visible na zona de acceso á piscina, na zona de acceso ás dependencias administrativas do Pavillón Polideportivo da Xunqueira e nos taboleiros de anuncios das dependencias administrativas da Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo para xeral coñecemento. Así mesmo cando sexa posible, remitirase copia destes horarios ás entidades deportivas e expoñerase copia dos mesmos no Pavilón do Ramo.
3. Os cadros de uso han reflectir os usos reais da piscina e poden ser modificados cando razóns de interese público así o aconsellen.
4. A Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo anunciará oportunamente os días fixados para o peche das instalacións por motivo de limpeza, labores de mantemento, renovación da auga dos vasos, vacacións e outras causas.

Artigo 8

O aforo da instalación está determinado pola superficie do vaso consonte co previsto ao respecto na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e demais lexislación concordante sobre piscinas de uso público.

Artigo 9

1. A utilización dos vestiarios será determinada pola Coordinación deportiva, ditando as ordes oportunas ao persoal da piscina co obxecto de que cada colectivo utilice o espazo que teña reservado.

2. Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, agás dos acompañantes das persoas participantes en cursos ou que asistan a nado libre que, pola súa idade ou condicións de mobilidade non sexan capaces de espirse nin vestirse con autonomía.

Artigo 10.

O Concello de Fene non se responsabiliza dos obxectos substraídos ou extraviados nas dependencias da piscina.

Artículo 11.

1. Os usuarios de baño libre contarán, como norma xeral, con dúas rúas agás naqueles horarios destinados a cursos considerados como prioritarios.

2. As distintas zonas da piscina, que albergarán diferentes modalidades de baño, estarán delimitadas por cordas de separación que diferenciarán as rúas que se determinen para cada uso.

3. Nun lugar visible da zona de acceso á piscina hase expoñer o resultado dos últimos controis sobre a calidade da auga do vaso que incluirá como mínimo os seguintes parámetros:

- a. Temperatura da auga do vaso,
- b. Temperatura ambiental,
- c. Humidade relativa do aire
- d. Condutividade
- e. PH
- f. Transparencia
- g. Concentración de desinfectante utilizado
- h. Cantidade de auga depurada e renovada
- i. Resultados analíticos da última inspección hixiénico-sanitaria realizada polos técnicos competentes.

Artículo 12.

O persoal socorrista da instalación, que estará identificado, será o responsable de facer cumprir a tódolos usuarios as normas de uso da piscina. O persoal socorrista poderá, no seu caso, expulsar das instalacións a quen incumpran o contido deste Regulamento.

CAPÍTULO CUARTO: DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

Artigo 13: Normas disciplinarias e de seguridade.

Co fin de conseguir un bo funcionamento da piscina, posibilitando en todo momento o desenvolvemento óptimo das diferentes modalidades de baño, establécense as seguintes normas que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiánicos, o coidado e o mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

Artigo 13.1 - É obrigatorio:

- a) O uso de chancletas ou calzado de baño persoal nas zonas de pés descalzos.
- b) Ducharse antes da inmersión na auga do vaso.
- c) Usar gorro de baño no vaso.
- d) Observar puntualmente as instrucións do socorrista da piscina.
- e) Facer en todo momento un uso axeitado das instalacións, respectando tanto aos diferentes usuarios como as zonas acoutadas para os distintos usos así como ao persoal que atende a instalación.

Artigo 13.2 - Prohíbese:

- a) Acceder á zona de baño con calzado de rúa.

- b) O acceso de animais de compañía agás no caso de cans guía.
- c) Comer e beber na zona de praia reservada aos bañistas
- d) Fumar en todo o recinto.
- e) Abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo empregar as papeleiras e outros recipientes destinados para o efecto.
- f) Utilizar envases de vidro, agás na zona da cafetería.
- g) Emporcar a auga con prácticas antihixiénicas.
- h) Realizar xogos e prácticas perigosas, correr, mergullarse dun xeito violento, tirar obxectos e en xeral todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen e impidan o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo ou poñan en perigo a saúde dos usuarios da piscina e do propio protagonista deste tipo de prácticas.
- i) O uso de colchonetas (agás nas actividades municipais organizadas), gafas de cristal ou calquera outro elemento que poida danar ou molestar aos usuarios.
- j) Non poderán bañarse as persoas que padezan ou teñan sospeita de padecer algunha enfermidade infecto-contaxiosa especialmente cutánea.

Artículo 14.

Ademais destas prescripcíons, para o uso axeitado da instalacións establécense as seguintes normas:

- a) Debe respectarse o baño e a estada de tódalas demais persoas no interior da piscina.
- b) De precisar dalgún elemento para a aprendizaxe da natación, cómpre solicitarlo ao socorrista ou ao monitor, devolvéndoo unha vez acabada a actividade en bo estado de uso.
- c) Recoméndase a tódolos usuarios que se sometan a un recoñecemento médico previo á practica deportiva, sobre todo a aqueles que permaneceran inactivos durante un longo período de tempo ou que padezan algunha enfermidade de carácter crónico.
- d) En beneficio de todos deben extremarse as medidas de seguridade e hixiene.

Artigo 15

15.1 - A non utilización da instalación levará consigo:

- a) A non utilización por máis dun 40% da sesión mensual na escola deportiva, levará consigo o pase do usuario ao final da lista de espera da citada actividade.
- b) Non se inclúen os usuarios que por accidentes sufridos nas instalacións ou por outras causas xustificadas non poidan acudir ás actividades correspondentes, prevíndose soamente nestes casos a reserva de praza na actividade e a non aplicación do prezo público mentres dure a baixa.

c) Así mesmo os usuarios de bonos de baño libre non perderán os dereitos de utilización por caducidade do bono cando este non se utilice por accidentes, lesións ou enfermidades xustificadas.

15.2. O Concello de Fene ten subscrita unha póliza de Responsabilidade Civil para tódalas actividades que organice e leve a cabo na piscina municipal. Os accidentes, lesións e responsabilidades que se ocasionen cando a instalación estea cedida a outros usuarios , particulares ou entidades, serán responsabilidade da persoa física ou xurídica que solicitou a cesión da instalación.

Artigo 16.

1. O incumprimento do disposto neste Regulamento será obxecto de sanción administrativa, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou de outra orde en que puideran incurrir.

2. Para a gradación das sancións hase ter en conta a gravidade da infracción, a reincidencia e os prexuízos ocasionados aos usuarios e ás instalacións.

3. Consideraranse faltas leves o incumprimento destas normas . A sanción da falta leve consistirá na advertencia verbal ao usuario.

Tres faltas leves darán lugar a unha falta grave. A sanción da falta grave consistirá na comunicación escrita ao usuario, co apercibimento de que a seguinte falta grave terá a consideración de moi grave

4. As infraccións poderán dar lugar á expulsión do recinto cando sexa falta moi grave e con previa resolución do órgano corporativo correspondente. Ademais

producirase unha posterior perda, no seu caso, da condición de aboador, usuario de bono da piscina, participante no cursiño ou membro de colectivo.

5. Con independencia da imposición das sancións procedentes, se algunha infracción leva aparellada un deterioro ou estrago dalgún elemento da instalación deportiva, o infractor deberá aboar o importe das reparacións ou reposicións de materiais que sexa necesario realizar.

6. A tódolos efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, no seu caso, aquelas que alugaran ou ás que se lles cedera o uso da piscina. As reincidencias na comisión de infraccións poderá dar lugar á anulación ou suspensión das reservas que se puideran conceder ás citadas entidades.

Artigo 17

Na piscina existirán, a disposición do público, follas de reclamacións e suxestións numeradas e autocopiativas (con copia para o usuario) para que os usuarios poidan formular as queixas, reclamacións e propostas que estimen necesarias.

DIPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.

O funcionamento das empresas que presten os seus servizos na piscina municipal hase rexer polas condicións establecidas nos Pregos de Cláusulas Administrativas correspondentes e supletoriamente polas disposicións deste Regulamento, dos regulamentos municipais de instalacións deportivas e socioculturais e pola ordenanza municipal correspondente.

DIPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

Toda norma non especificada neste Regulamento rexerese pola Lei 11/1997, do 22 de agosto xeral do deporte de Galicia, o Decreto 103/2005, do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, o Código de Ética Deportiva aprobado polo Concello Pleno e demais lexislación concorrente vixente na materia.

Segunda.

A interpretación das normas deste regulamento corresponde, en primeira instancia, á Comisión Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo e aos órganos correspondentes da corporación municipal.

Terceira.

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.